



CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE"

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acaba de facer pública a convocatoria de gratuidade dos libros de texto e axudas para material escolar (**ORDE do 16 de maio de 2017, publicado no DOG do luns, 22 de maio de 2017**).

- **Axudas para adquisición de libros de texto:** Poderano solicitar o alumnado que no vindeiro curso 2017/ 2018 curse **1º e 2º de educación primaria**. Segundo a renda per cápita familiar, haberá dous tipos de axudas (rendas iguais ou inferiores a 5.400 euros, e renda per cápita superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros).
- **Fondo solidario de libros de texto:** Poderano solicitar alumnado que no vindeiro curso 2017/ 2018 curse **3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria**. Segundo a renda per cápita familiar, ao alumnado corresponderalle un número determinado de libros. É condición indispensable que o alumnado beneficiario do fondo solidario no curso 2016/ 2017 devolva os libros ao centro en bo estado con anterioridade ao final deste curso. Así mesmo, o alumnado que se beneficie do fondo solidario para o vindeiro curso, debe garantir o bo estado dos libros de texto que lle sexan concedidos.
- **Axudas para a adquisición de material escolar:** Poderá ser beneficiario de dita axuda todo o alumnado que curse educación primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º). O requisito para solicitar dita axuda será ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros, e a cantidade que se asignaría serían 50 euros.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR EN CADA CASO:

- A solicitude cuberta e asinada polo/a: pai/ nai/ titor/ a do alumno/a.
- Fotocopia do DNI/ NIE dos membros da unidade familiar cando non autoricen a consulta telemática.
- Fotocopia do libro de familia onde figuren os membros computables da unidade familiar (en caso de non telo, poderase acreditar con: certificado/ volante de convivencia, informe dos Servizos Sociais que acredite a situación e/ ou Sentenza xudicial de separación ou divorcio, ou convenio regulador onde conste a custodia do/ a menor).
- Grao de discapacidade (agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará no caso de non autorizar a súa verificación).
- Outra documentación que acredite casos de violencia de xénero, incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada/ rehabilitada...

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Do 23 de maio ata o 23 de xuño de 2017

A situación familiar e a renda per cápita familiar reflectirá os datos con data a 31 de decembro de 2015.

Os membros computables para a renda serán tamén os pais e nais aínda que, separados legalmente, manteñan a custodia compartida dos/as seus/súas fillos/as.

Os impresos para as axudas anteriormente mencionadas poderán recollese no colexio, a través da web, na sede electrónica: <http://www.sede.xunta.es>, ou no portal educativo: <http://www.edu.xunta.es>, e entregaranse na Secretaría do centro de luns a venres.

Máis información en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>